




FARO DE BUDIÑO



Distancia: 9 km lineal
Dificultade: baixa

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2026


O macizo de Budiño é unha ringleira de penedos graníticos situado no linde entre O Porriño e Salceda de Caselas, que se estende con orientación norte-sur ao longo duns 5 km. O cumo máis alto é o Faro de Budiño con 398 m. Neles destaca unha grande masa de granito “Rosa Porriño” con paredes de ata 100 m de altura que se mantén intacto entre as explotacións da zona.


Está declarado **Punto de Interese Xeolóxico** pola Cámara Mineira de Galiza.

Desde os cumes podemos observar o val do río Louro, na Depresión Meridiana e a vila de Porriño.



Vista Oeste do Faro de Budiño,
coas paredes de escalada.





A Depresión Meridiana é unha falla que se formou hai uns 40 millóns de anos durante a Oroxenia Alpina polo movemento das placas que empurran África contra a Península Ibérica. As rochas desta zona fracturáronse en grandes bloques que se elevaron a diferentes alturas



Vista desde alto do Faro
cara a Salceda de Caselas



Vista desde alto do Faro cara a Porriño




PERCORRIDO


O acceso faise desde a estrada de Porriño a Salceda de Caselas, no Alto da Forca, ou desde a estrada a Ourense, en Cans. Tamén se pode facer desde A Vitureira. Para completar o día podemos facer unha visita aos Muíños de Couso, a vila de Porriño e ao Museo de Minerais.

A ruta pode facerse completamente a pé ou bicicleta, ou combinando coche con pequenas camiñadas.

Por calquera dos sitios hai que camiñar porque as pistas son de terra e ademais é a maneira mellor de gozar da paisaxe e cada detalle. Os puntos de maior interese son o Faro de Budiño, onde se poden ver uns enormes penedos empregados para practicar a escalada, con formas variadas e pequenos detalles como arcos, pozas, formas de erosión en codia de pan na superficie das rochas; os penedos de Cans, onde tamén hai rochas de diversas formas e tamaños, e o Parque Forestal.



Cumes do Faro de Budiño desde o alto da serra



O Faro de Budiño desde o alto da serra



Rochas no alto da serra





AS FORMACIÓNS GRANÍTICAS

Os granitos do Porriño son rochas de tamaño de gran de medio a groso, algúns con grandes cristais de feldespatos. Formáronse pola solidificación por arrefriamento lento dun magma a uns catro km de profundidade hai uns 300 millóns de anos.

Os granitos aparecen na superficie porque os materiais que os cubrían erosionáronse e a acción da auga foi partindo bloques que co tempo foron collendo formas curvas



A acción da auga, os cambios de temperatura e os fenómenos químicos dan lugar a numerosas formas que reciben distintos nomes: bolos, penedos, pedras cabaleiras, pías, cacholas...



Castelo de Cans

Os granitos “rosas” de Porriño son moi coñecidos e valorados. Os seus feldespatos son de cor rosa. Aparecen nunha banda duns catro quilómetros de ancho.

Os granitos explótanse en canteiras porque están pouco fracturados e teñen unha composición e textura bastante homoxénea, o que facilita o seu corte e traballo.

A veces atópanse formacións de minerais de gran tamaño



Cristais xigantes de seixo grise feldespato rosa atopados no Porriño



Canteira de Granito no Porriño